



BASES / CRITERIOS XERAIS PARA A SELECCIÓN DUN/HA EDUCADOR/RA SOCIAL

Visto o acordo da XGL de data 26 de setembro de 2014, polo que se aproba a creación e bolsa de traballo e nomeamento dunha funcionaria interina educador/ra social. En virtude das competencias que me otorga a lexislación vixente resolvo aprobar as Bases/criterios que deben rexir dito proceso selectivo:

1º. OBXECTO DA CONVOCATORIA. É obxecto da presente convocatoria a formación dunha bolsa de traballo para o nomeamento ou contratación laboral da especialidade de educador/ra social, segundo o acordo de XGL de data 26 de setembro de 2014. As retribucións serán as fixadas con carácter xeral no convenio colectivo do Concello de Vilagarcía de Arousa para o Grupo II ou no Acordo Marco para o persoal funcionario para o subgrupo A2.

2º REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES. Os/as candidatos/as que soliciten tomar parte na selección deberán reunir os seguintes requisitos ou condicións:

- a) Ter a nacionalidade española; no caso de nacionais doutros Estados, reunir os requisitos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril; ser maior de 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas requiridas.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- d) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- e) Titulación: Educador/ra Social.

Todos os requisitos anteriormente citados deberán posuírse na data de celebración da entrevista.

3º SOLICITUDES E PUBLICIDADE. O anuncio desta convocatoria e bases da mesma será publicado no taboleiro de anuncios e na web do Concello.

Os/as interesados/as que figuren no listado remitido polo Servizo Público de Emprego presentarán a totalidade da documentación precisa na data de celebración da entrevista – 22



outubro de 2014 - incluíndo instancia dirixida a Sra. Alcaldesa na que farán constar que reúnen os requisitos esixidos na base 2ª.

A solicitude deberá ir acompañada do currículum vitae e os documentos xustificativos que acrediten os méritos que se aleguen.

No caso de que a documentación que se aporte sexa en lingua distinta ó castelán ou galego, xuntarase traducción oficial da mesma. No caso contrario non se tomará en consideración.

A documentación que se aporte será orixinal ou copias compulsadas. De non acreditarse debidamente o mérito que se alegue, este non será tido en conta.

4º DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA. A proba selectiva constará de dúas fases, unha primeira fase de oposición: mediante unha entrevista persoal, e outra segunda de concurso: avaliación de méritos.

FASE DE AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

Todos os méritos e Titulacións alegadas nesta fase acreditaranse co orixinal ou copia compulsada do orixinal.

Os candidatos deberán acompañar obrigatoriamente aos orixinais ou copias compulsadas dunha relación resumen dos méritos alegados, segundo a orde e agrupación a valorar no concurso, con expresión das horas e da puntuación que estimen resultante segundo o baremo recollido nestas bases.

Nesta fase o Tribunal outorgará ós/ás aspirantes a puntuación correspondente á vista dos méritos que aleguen debidamente xustificados, conforme ó seguinte baremo:

A.1. Experiencia:

- Por servicios prestados como Educador/a social en calquera das Administracións Públicas, **1,2 punto** por ano completo, prorrateándose por meses os períodos inferiores. Acreditarase con certificación de servicios prestados, con especificación das funcións realizadas e a súa duración.
- Por servicios prestados como Educador/ra no sector privado **0,6 puntos** por ano completo, prorrateándose por meses os períodos inferiores. Acreditarase con certificación de servicios prestados, con especificación das funcións realizadas e a súa duración.

A puntuación máxima deste apartado será de **10 puntos**



A.2. Formación:

Participación en cursos relacionados coas funcións propias do posto de traballo:

- Hasta 30 horas: 0.20 punto
- 31 horas a 100 horas: 0.50 punto
- 101 horas a 200 horas: 0.80 punto
- Más de 201 horas: 1,25 punto

A puntuación máxima deste apartado será de **3,00 puntos**

A.3. **Outras titulacións:** Excluída a precisa para presentarse a esta selección, e vencellada/s a area de coñecementos das funcións propias do posto de traballo

Título de Doutor:	1,50
Diploma Estudos avanzados (DEA), máster universitario ou equivalente:	1,25
Por Titulación de Licenciado/Grado Universitario:	1,00
Por Titulación de Diplomado Universitario:	0,50

A puntuación máxima deste apartado será de **3,00 puntos**

A.4. **Situación socio familiar** (máximo 2 puntos):

Acreditándola mediante declaración xurada ou no seu caso documentación acreditativa que solicite o tribunal de selección segundo a situación alegada.

- Cargas familiares:
 - Número de membros a cargo do aspirante
 - 1 0.5 puntos
 - 2 1 punto
 - 3 1.5 puntos
 - > 4 2 puntos
- Antigüidade no paro:
 - Menos de 6 meses 0.0 puntos
 - 6 meses 0.25 puntos
 - 1 año 0.50 puntos
 - 18 meses 0.75 puntos
 - Más de 2 años 1 punto

A.5. **Coñecemento da lingua galega**, de carácter obrigatorio e non eliminatorio



O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos, quedando exentos de o realizaren os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 (ou curso de perfeccionamento en lingua galega), ós que se lles outorgará a cualificación máxima de dous (2) puntos.

Tamén quedaran exentos aqueles aspirantes que acrediten posuír un título Celga inferior segundo a seguinte valoración:

Celga 3: 1,5 puntos

Celga 2: 1 punto

Celga 1: 0,5 puntos

A proba consistirá na traducción, sen diccionario, de dous textos propostos previamente polo tribunal, un de castelan ao galego e outro de galego ao castelán, nun tempo máximo de media hora. Aqueles aspirantes que aínda acreditando posuír un Celga 3, 2, ou 1 desexen realizar a proba de traducción poderán facelo si ben en caso de obter unha puntuación inferior á que corresponde polo título aportado manterase a asignada ao título Celga aportado.

FASE DE ENTREVISTA.

Consistirá na realización dunha entrevista persoal e individual dos aspirantes co Tribunal, que versará sobre: A experiencia e historia profesional do aspirante, coñecementos dos traballos a realizar, a capacidade e competencia profesional para o mellor desempeño do mesmo, e no seu caso coñecementos básicos da Administración Municipal (**máximo 8 puntos**).

Esta entrevista terá lugar o día 22 de outubro de 2014 a partir das 10:00 horas da mañá na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa (Salón de Plenos). Os aspirantes deberán asistir na data e hora sinaladas, provistos do D.N.I. ou documento identificativo e xunto con toda a documentación mencionada nas bases.

5º. COMISIÓN SELECCIONADORA – TRIBUNAL. 1. Estará constituído polos seguintes membros:

Presidente: Un empregado do concello de Vilagarcía, asemade deberán posuír coñecementos técnicos.

Vocais: Tres empregados públicos. A totalidade dos vogais deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á categoría da que se trate.



Secretario/a: Un empregado do concello de Vilagarcía que actuará como secretario/a do tribunal.

2. A designación dos membros do tribunal poderá incluír a de suplentes.

3. A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.

4. Deberán absterse de formar parte do Tribunal os membros que incorran en algunha das circunstancias previstas no artigo 28 de la Ley 30/1992, de 30 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

6º. CUALIFICACIÓN DA PROBA SELECTIVA. A entrevista será cualificada ata un máximo de **10 puntos**. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio sendo necesario para superala unha puntuación mínima de 5 puntos. O número de puntos que poderán ser outorgados por cada membro do Tribunal, será de 0 a 10. As cualificacións adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do Tribunal e dividindo o total polo número de asistentes a aquel, sendo o cociente a cualificación da entrevista.

A cualificación final da proba selectiva, será a obtida pola suma das puntuacións obtidas na fase de méritos e na de entrevista. O Tribunal formulará a correspondente proposta de contratación a favor do candidato/a que obtivesen maior puntuación no conxunto da proba selectiva. Así mesmo formulará listaxe ordeada coas puntuacións obtidas para a formación dunha Bolsa de traballo, segundo o punto 7º.



No suposto de empate darase preferencia ao candidato/a con maior puntuación no apartado “A.4. Situación socio familiar”, de persistir o empate realizarase un sorteo público para determina-la orde de selección.

7º FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO.

1. Xurdida a necesidade temporal por terse producido unha baixa, vacante ou por necesidades extraordinarias do servizo acorde á lexislación vixente, e previa declaración da necesidade da súa provisión pola Alcaldesa-Presidenta, o Departamento de Persoal determinará as condicións do contrato/nomeamento a realizar, que será o que corresponda segundo a lexislación vixente.
2. Ofreceráse ás persoas incluídas na bolsa, seguindo a orde de prelación, sempre e cando se cumpran os requisitos para seu desempeño.
3. A tal efecto, terá que comunicarse ó aspirante que corresponda, o lugar e data no que é preciso que se presente.
4. Se o interesado non manifesta súa conformidade có ofrecemento de contratación, entenderase que renuncia ó mesmo, e se lle postergará ó último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:
 - a. Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.
 - b. Enfermidade
5. Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.
6. A duración da Bolsa de Traballo será ata a creación dunha nova Bolsa para esa mesma categoría profesional mediante convocatoria pública aberta, e en todo caso ata o 31 de decembro 2015.
7. A inclusión na Bolsa de Traballo non implica obrigación de ningunha índole por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa co solicitante.
8. O Comité de Empresa e Xunta de Persoal poderá solicitar en todo momento información sobre a situación da Bolsa.



8º. INCIDENCIAS. O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

9º. DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

En cumprimento do disposto na “*Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal*”, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter personal por elas facilitados serán incorporados a un fichero coa finalidade da selección de personal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravela nº1.

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.

Vilagarcía de Arousa, a 16 de outubro de 2014

O Alcalde-Presidente



D. Tomás Javier Fole Díaz

A Secretaría Xeral



Dña. Rosa Losada Suárez